

A APDR, membro da Plataforma Estatal contra a Contaminación Electromagnética, invítavos a difundir o comunicado de prensa do 24 de xuño, Día internacional da Contaminación Electromagnética.

<http://www.apdr.info/>

<https://www.facebook.com/pages/Asociaci%C3%B3n-Pola-Defensa-da-R%C3%ADa/274485385946654>



Os límites máximos de emisión das radiacións electromagnéticas establecidas pola lexislación española son 4.500 veces superiores ás recomendados polo Consello de Europa para garantir a saúde das persoas

Despregouse o Wifi nas escolas ignorando a Resolución 1815 que recomenda conexión a Internet por cable nas aulas

A implantación do 4G e a nova Lei Xeral de Telecomunicacións multiplicarán máis aínda a intensidade da contaminación

Crece no estado español a incidencia da electrohipersensibilidade, unha afección recoñecida como enfermidade noutros países como Suecia.

Sufría a Ángela Jaén, que se quitou a vida en Pinto o pasado mes de novembro tras mudarse 9 veces por non atopar unha zona branca de ondas electromagnéticas

24 DE XUÑO: O ESTADO ESPAÑOL CONMEMORA O DÍA INTERNACIONAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA CON ÍNDICES HISTÓRICOS QUE AFECTAN Á SAÚDE DA POBOACIÓN

No estado español cada vez hai menos que celebrar o Día Internacional contra a Contaminación Electromagnética, que se conmemora o 24 de xuño. É o diagnóstico da Plataforma Estatal contra a Contaminación Electromagnética (PECCCEM) www.pecccem.org, integrada por asociacións de persoas afectadas polos campos electromagnéticos, asociacións de persoas electrohipersensíbeis (EHS), asociacións veciñais, organizacións ecoloxistas.

A plataforma denuncia que, lonxe de poñer en práctica as recomendacións do Consello de Europa, da Axencia Internacional de Investigación do Cancro da Organización Mundial da Saúde, da Axencia Europea de Medio Ambiente, do Parlamento Europeo, etc. dirixidas a reducir os límites máximos admitidos para garantir a saúde das persoas, en especial dos nenos e adolescentes), no Estado español as autoridades continúan promovendo e subvencionando políticas de cobertura total en beneficio da industria de telecomunicacións que elevan exponencialmente os riscos aos que está exposta a poboación. É o caso do sistema 4G e a nova Lei Xeral de Telecomunicacións actualmente en trámite, cuxo obxectivo principal é favorecer o despregue tecnolóxico ou a extensión dos tendidos eléctricos de alta tensión ou a implantación dos novos contadores intelixentes de medida de subministro eléctrico, que van engadir moita máis contaminación á xa existente.

Os sucesivos gobernos españois fixeron caso omiso as reivindicacións da PECCEM, dirixidas a reducir notablemente o límite máximo de radiacións electromagnéticas, que en España é 4.500 veces superior á recomendada polo Consello de Europa para garantir a saúde das persoas (450 microvatios/cm² fronte ao valor recomendábel fixado de 0,1 microvatios/cm²).

Como consecuencia desta irresponsábel política pregada aos intereses económicos das grandes corporacións das telecomunicacións, no estado español crece de forma notable o número de persoas que padecen electrohipersensibilidade, unha doenza da que apenas se fala tendo en conta que, a diferenza de países como Suecia, non está recoñecida como enfermidade e os seus síntomas (cansazo, insomnio, cefaleas, irritabilidade, desorientación...) reciben un tratamento médico incorrecto que, en non poucas ocasións, agrava o seu padecemento.

É o caso de Ángela Jaén, que se quitou a vida en Pinto o pasado mes de novembro tras mudarse 9 veces por non atopar unha zona branca de ondas electromagnéticas e recibir un tratamento inadecuado.

O feito de que non sexa recoñecida como enfermidade dificulta o cálculo do número de persoas que a padecen, pero en Suíza, un país a cuxo grado de desenvolvemento aseméllase España, rexistrou en 2004, unha frecuencia do 5%.

Por todo iso, a PECCEM reclama aos Gobernos centrais e autonómicos que apliquen a resolución 1815 do Consello de Europa, que insta aos países membros da UE a **“adoptar todas as medidas razoábeis para reducir a exposición aos campos electromagnéticos e, en especial, aos nenos e mozos que ao parecer corren maior risco de padecer tumores da cabeza”**.

Con ese obxectivo, a PECCEM e outras organizacións de Bélxica, Suecia, Francia, Italia e Portugal van a promover unha **Iniciativa Cidadá Europea (ICE)** para que se obrigue aos Estados da UE a aplicar a Resolución 1815 do Consello de Europa.

O sábado 29 de xuño representantes desas organizacións presentarán en rolda de prensa o contido da ICE (enviaremos convocatoria con máis detalles).

Dende as distintas comunidades do estado, 22 de xuño de 2013

www.peccem.org

<https://www.facebook.com/peccem>